


Chillón e Nores explicaron onte a proposta en asamblea. // G. Núñez



Imaxe e texto da escultura. // G.N.

Un monumento por suscrición popular será tributo de paz e liberdade en Cangas

Colocarase na Praza do Concello en abril, arredor do Día da II República

REDACCIÓN ■ Cangas

"Que o libre voo das pombas da paz/ erga para sempre a memoria solidaria/ das xentes xustas que o deron todo/ pola liberdade a a xustiza./ Pombas! Pombas!! Pombas!!!/ Claudio Rodríguez Fer. En lembranza das liberdades e das vítimas da represión/ Abril de 2011." É o texto do monumento "Memorial de Liberdade", que a Asociación Cultural Memoria Histórica 28 de Agosto ten previsto instalar na Praza do Concello de Cangas, e que onte foi analizado polos membros do colectivo nunha asamblea extraordinaria que se celebrou no salón de plenos.

Os promotores propuxeron unha peza "en positivo", que defenda un ideal universal. Está realizada cunha lámina de aceiro cortén no que se plasman as figuras de dúas pombas como símbolo de paz e liberdade, asentada en pedra e sufragada con aportacións populares. Un taller de Vincios encárgase da obras, que xa está moi avanzada, e preténdese colocar nas xornadas arredor da proclamación da II República, o 14 de abril.

Na asamblea de onte tamén se fixo balanzo das actividades e contas e 2010, e presentáronse os orzamentos e o plan de traballo para este ano 2011.

FARO DE VIGO
JUEVES, 24 DE FEBRERO DE 2011